

E.S.O

Filosofía (4º de E.S.O.)

A materia ten como unha das súas finalidades contribuír a dotar o alumnado dunha capacidade básica de comprensión. Esta capacidade, arrancando da propia experiencia humana, das vivencias, inquedanzas e interrogantes que suscita, debe catapultalo ao limiar dunha capacidade de crítica, de argumentación e síntese que poida servirle para desenvolverse como persoa e como cidadán ou cidadá, entendendo a radicalidade do saber filosófico como ferramenta de transformación e cambio.

A comprensión de si mesmo/a e do mundo en que se vive, sen esquecer a súa vertente histórica, responde á dimensión teórica da filosofía como "preguntar radical" mediante a procura e tratamento dos grandes interrogantes filosóficos. Xunto a iso, a materia debe proxectar unha dimensión práctica, incidindo no fomento dunha actitude reflexiva e crítica que non acepte nada preconcebido, e dunha capacidade de pensar que, a través da mediación dialóxica, sexa capaz de argumentar de forma coherente e lóxica.

A materia estrutúrase en seis bloques: "A filosofía", "Identidade persoal", "Socialización", "Pensamento", "Realidade e metafísica" e "Transformación". Pode entenderse, que estes bloques representan globalmente un equilibrio, xa que tres deles responden a unha dimensión marcadamente teórica (filosofía, pensamento, realidade e metafísica), mentres os outros tres acentúan máis a vertente práctica da reflexión filosófica (identidade persoal, socialización e transformación).